

a memoria das mulleres

Virxinia Pereira contou nunha visita a Galiza que Castelao lle fixera prometer que non se metería en política.

Ese desexo non llo cumpriu porque, como ela mesma escribiu:

“Parece que non esquecen ren, menos a parte política que se silenciou por cuanto é ahí onde a “porca torce o rabo” sin decatárense de que todo o arte do noso Castelao, dibuxos, escritos, conferencias, etc, son esencialmente política.”

Virxinia Pereira nunha carta a Otero Pedrayo

Fotografías:

- 1 Voda de Virxinia e Castelao en 1912, *AC Vagalume*.
- 2 Virxinia e o su fillo Alfonso Xesús, finado en 1928, *AC Vagalume*.
- 3 Virxinia e Castelao cando viaxaron a París, *Arquivo Museo de Pontevedra*.
- 4 Virxinia e Castelao con outros matrimonios no exilio, *Arquivo familia Villaverde Otero*.
- 5 Homenaxe a Castelao no exilio en 1945, *Arquivo Museo de Pontevedra*.
- 6 Foto extraída do pasaporte de Virxinia, Arquivo Museo de Pontevedra.
- 7 Foto de Virxinia, xa viúva, que envía ao matrimonio Pedrayo Bustamante desde o exilio bonairense, *Fundación Penzol*.
- 8 Virxinia, en 1959, nunha visita ao proxecto cultural “Follas Novas” de Neira Vilas e Anisia Miranda, *Fundación Penzol*.
- 9 Foto con dirixentes do galeguismo na Arxentina que Virxinia manda co gallo do 25 de xullo de 1961, *Fundación Penzol*.
- 10 Con Filgueira Valverde cando viaxou a Pontevedra para legar ao Museo a obra de Castelao, *Arquivo Museo de Pontevedra*.

Foto de Portada: Foto dun pasaporte de Virxinia, *Arquivo Museo de Pontevedra*.

Este texto foi publicado polo Concello de Pontevedra, —coa imprescindible colaboración do Museo Provincial de Pontevedra, a Asociación Cultural Vagalumes da Estrada, a Fundación Penzol e a Fundación Neira Vilas—, en decembro de 2019, co gallo do cincuenta aniversario do pasamento de Virxinia Pereira Renda.

Coa colaboración de:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Concellaría de Patrimonio Histórico



A Memoria das **MULLERES**

Virxinia Pereira Renda

(A Estrada, 1884- Madrid, 1969)



Virxinia Pereira Renda

(A Estrada, 1884- Madrid, 1969)

Aínda que nace na Estrada o 20 de outubro de 1884, Virginia Nicolasa María de Gracia Tomasa Pereira Renda, nome co que é bautizada a sétima das dez criaturas de Camilo Pereira e Peregrina Renda ¹, ten unha fonda vinculación con Pontevedra, cidade á que se traslada en 1916, cando un desprendemento de retina obriga ao seu home, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, a cambiar o exercicio da Medicina no seu Rianxo natal por unha praza no Corpo Técnico do Instituto Xeográfico e Estatístico da capital pontevedresa.

Non foi a primeira irmá en asentarse na cidade. Antes fixéranos Camilo Xosé e Clemencia Elisa. El era funcionario de Estatística e ela casara con Benito López Paratcha, propietario na rúa Oliva do bazar *El Siglo*.

¹ Datos recollidos no traballo “As dúas mulleres de Castelao” de Olimpio Arca.

Un ano despois de chegar, Castelao consegue unha praza como profesor de debuxo no instituto e, en 1921, outórganlle unha bolsa da *Junta de Ampliación de Estudios* para viaxar por Francia, Países Baixos e Alemaña. Ata o seu regreso, Virxinia acouga a soidade pasando unha tempada en Vigo onde vivían o seu pai, a súa nai, e a súa irmá Sara, casada con quen logo sería alcalde da cidade, o médico Alfredo Pérez Viondi. **Son tempos de desasosago por mor da falta de saúde do seu fillo** Alfonso Xesús de Braga, nacido o 1 de febreiro de 1914.

O neno acaba falecendo a causa dunha pneumonía aos 14 anos, o 3 de xaneiro de 1928, e o matrimonio trasládase ao mesmo edificio da rúa Oliva no que residía Clemencia. Atrás queda o primeiro piso, fronte ás ruínas de Santo Domingo, ateigado agora de demasiados recordos.

Case dous anos despois, a Castelao concédenlle unha nova bolsa para estudar as cruces de Breña e Virxinia viaxa con el. De volta en Pontevedra, é elixido deputado das Cortes Constituíntes da II República e desde o primeiro momento colabora na redacción do Estatuto, o que provoca que sexa desterrado a Badaxoz en novembro de 1934, tras a chegada do bienio negro. Os primeiros meses Virxinia permanece

en Galiza pero en abril decide reunirse con el e alí fica ata a fin do desterro, en setembro de 1935. Nas eleccións de febreiro do ano seguinte, Castelao é reelixido, e o seu compromiso co Estatuto fai que forme parte da comisión que viaxa a Madrid para presentar nas Cortes o texto plebiscitado o 28 de xuño. De novo, Virxinia vai con el, e alí sorpréndeos o golpe de Estado. El nunca volverá a Galiza, ela tardará tres décadas en facelo.

Desde Madrid, trasládanse coas autoridades lexítimas a Valencia e, dous anos despois, en 1938, inician por encargo do goberno republicano unha viaxe internacional de denuncia do fascismo e recadación de fondos para o bando democrático, que os levará ata a URSS, os Estados Unidos e Cuba.

Mentres, en Pontevedra, a súa casa da Oliva é saqueada e os seus bens, incluída a biblioteca e as obras del, son incautados. En 1940 deciden trasladarse a Bos Aires, o seu destino definitivo, coa súa economía moi deteriorada polo espolio e a cegueira del.

A dureza do exilio amosa a fortaleza de carácter de Virxinia. Numerosos textos destacan a súa afouteza como coidadora durante o proceso de cancro que a el lle detectan en 1949. Porén, o seu perfil vai moito máis

alá e cumpre salientar o firme compromiso coa loita galeguista e antifranquista que ela deixa patente nas cartas que, sobre todo tras o pasamento de Castelao, o 7 de xaneiro de 1950, envía a Ramón Otero Pedrayo, á esposa deste, Josefina Bustamante, e en menor medida a outras personalidades galegas como María Casares:

“É GALIZA isa NAZÓN GALEGA sempre asoballada, que dende todol-os tempos tamén, vén recramando sin desmaios os dereitos que tan inxustamente lle son negados”, escribiulle á filla de Casares Quiroga en 1957.

O corpo das misivas destapa a personalidade dunha Virxinia eclipsada pola importancia histórica do seu home. **Unha muller retranqueira e intelixente que non deixa nunca de amosar a súa férrea oposición ao franquismo** e a súa firme defensa da lingua:

“Segundo o decire e pensare de certos descastados ‘intelixentes’ (que son os de peor calaña)EL CASTELLANO ES MEJOR PARA ESCRIBIRLO Y ENTENDERLO, sin decatarse dos probes que coa súa “sentencia” aínda lle dan máis xerarquía ao noso idioma”, recolle a mesma misiva.

Virxinia vai participar asiduamente en canta actividade

realizan os nacionalistas no exilio mais, como antifascista, **foi moi crítica con quen amosou algún tipo de achegamento ao réxime**, tal e como queda patente nunha carta a Otero Pedrayo datada o 29 de setembro de 1967². Nela relátalle o seu enfrontamento coa dirección do Centro Galego de Bos Aires, cando acepta recibir o embaixador e o cónsul do goberno franquista e permite que ondee na sede a bandeira “de pus e sangue” como ela lle chama nas cartas á substituta da tricolor. Castelao amosara a mesma repulsa en numerosas ocasións e por iso, a súa viúva non dubida en afastar da súa tumba a coroa coa franxa *rojigalda* que depositara o mesmo goberno que os condenara ao exilio: “Mans amigas arrincaron esa porquería, que gracias a facerme eu responsable de semellante atopello, as cousas non pasaron a maiores”, contou na carta.

Máis alá da vertente sentimental, as viaxes que fixo a Galiza nos anos 60 ían marcadas pola mesma teima de manter o legado de Castelao, cumpríndolle ademais a encomenda de que a súa obra ficase

² As cartas de Virxinia Pereira ao matrimonio Otero Pedrayo poden ser reflectidas neste traballo grazas á colaboración co mesmo da Fundación Penzol, onde se conservan. A de María Casares publicouna a investigadora María Lopo no seu traballo “O tempo das mareas.María Casares en Galicia”.

no Museo de Pontevedra que el axudara a fundar. Para iso, non dubidou en recorrer ante o estado fascista a incautación de bens, destinada a sufragar a multa de 75.000 pesetas que lle impuxeran por responsabilidades políticas:

“A obra artística debe ser depositada toda ela no Museo, xa que a derradeira disposición do seu autor foi que pasara a ser patrimonio de Galiza, da súa Galiza eternamente soñada, i eternamente desexada. Isto pois hai que cumprilo, como lle digo a Valentín, hasta por enriba da mesma lei. Pra defender ise seu desexo, sintome con forzas de leona. Foi promesa especial que lle fixen ao meu Daniel!”, escribe en 1951.

Pontevedra, e Galiza enteira, teñen unha débeda con ela por posibilitar coa súa loita e a súa xenerosidade, que o Museo de Pontevedra conte hoxe con boa parte do legado de Castelao así como con diversos obxectos persoais que lle entregou nunha visita á cidade, antes da súa última viaxe a Madrid, onde finaría o 23 de novembro de 1969.